



CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E O CONCELLO DE MOS PARA O ACONDICIONAMENTO DO APARCADOIRO E ACCESOS AO CEMITERIO DE PETELOS EN MOS.

MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA

1.- ANTECEDENTES.-

A colaboración entre este departamento e o Concello de Mos enmarcase na continuada colaboración entre a Consellería e as entidades locais da Comunidade Autónoma para a execución de obras e outras actuacións en materia de urbanismo.

O Concello de Mos solicita deste departamento axuda para executar as obras de **“Acondicionamento do aparcadoiro e accesos ao cemiterio de Petelos en Mos”**.

Preténdese o acondicionamento do aparcadoiro e accesos ao cemiterio no barrio de Reguengo, parroquia de Petelos, co fin de valorizar a área da contorna do cemiterio para integrala e interaccionala coas edificacións que a confinan (Casa do Concello, Igrexa de San Mamede e Cemiterio), de xeito que finalmente apareza como unha actuación unitaria, que consiga fiar mediante un único cordón umbilical, que é o aparcadoiro actual e a praza ou atrio da igrexa, as edificacións e os espazos que arredor del se articulan, acondicionando, por un lado un área de aparcadoiro residual carente de calquera organización e nun estado de conservación e deseño lamentable, tanto por instalacións como por pavimentos, e por outro lado, dotala de accesos adecuados.

O programa da actuación contempla a reorganización de todo o entorno, dotando e cualificando os usos, ordenando o aparcadoiro e os accesos ao cemiterio.

En primeiro lugar tense en consideración a topografía do terreo, que tomándoa como aliada, permítenos graduala, conseguindo os seguintes obxectivos:

- Reducir o impacto visual do talud actual.
- Permitir o acceso exterior graduado ás diferentes plataformas e niveis do cemiterio.
- Acceso rodado e peonil cómodo á parte superior do cemiterio.
- Manter acceso á casa reitoral e parte superior en ruínas.
- Contención e saneamento da cota alta do monte.

As obras consistirán fundamentalmente na renovación do pavimento ao redor, garantir o acceso ao cemiterio a persoas con discapacidades, en cumprimento da Lei 8/1997, de 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº166, de 29 de agosto de 1997) e integrar a actuación no conxunto edificatorio Igrexa-Casa do Concello, co fin de que o espazo dispoñible hoxe en día creza e poda desprazar o seu epicentro de xeito que se arrede o máximo posible da agresión sufrida anos atrás coa construción da autovía, xeradora de





ruídos e fumes, en suma, provocadora da ausencia de confort nos edificios e espazos exteriores de relación.

- **Ordenación do aparcadoiro**

Preténdese con esta actuación cualificar tanto arquitectonicamente como de uso, o aparcadoiro actual do concello, para iso propónse un “envoltorio” de muros de contención prefabricados tratados en cor e acabado superficial que se axuste aos niveis do terreo e lindeiros minimizando así a súa presenza.

Un área superficial de aparcadoiro como continuación da praza da igrexa, prolongando o pavimento da mesma e definindo as prazas do aparcadoiro con celosía e plantación de céspede, dando unidade así ao conxunto, permitindo ademais usos puntuais diferentes (festas patronais, manifestacións relixiosas... etc.)

- **Accesos ao cemiterio**

A parte máis ambiciosa desta proposta centrase neste punto. Para iso propónse recolocar o acceso á casa parroquial, mellorando a circulación no aparcadoiro e permitindo mediante a nova vía acceder tanto en vehículo como de xeito peonil aos niveis superiores do cemiterio.

Esta vía rematará na súa parte superior nunha rotonda que permite tanto o cambio de sentido dos vehículos como o acceso de persoas e comitivas fúnebres ao cemiterio.

Esta rotonda (rematada co cruceiro que se atopa na parte inferior descolocado) permítenos mediante ramplas radiais e escaleiras transversais o acceso aos tres últimos niveis de nichos do cemiterio. Estes accesos vanse graduando e axustando ao terreo separados por muros de mampostería que solucionan as diferenzas de cota das entradas acompañadas por vexetación de porte representativo (cipreses, arces, tapizadoras, etc.)

2.- RAZÓNS DE OPORTUNIDADE.-

O feito de que as dotacións obxecto do presente convenio constitúan un equipamento necesario para o concello de Mos e a concorrencia dos obxectivos de ámbalas dúas administracións asinantes para dar solución ás carencias de equipamento citadas, aconsella a subscripción deste acordo, para levar a efecto as actuacións necesarias para a execución das obras e a súa posta a disposición ao uso público.

Nos orzamentos da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para o ano 2016 figura consignación orzamentaria adecuada para acomete-la actuación. Competencia que está contemplada no apartado m) do artigo 10º.1 do Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería “*A realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial*”.





3.- OBXECTIVOS QUE SE PRETENDEN.-

A finalidade do convenio é establecer as bases de actuación das partes asinantes, regular as obrigas que cada unha asume e fixar o marco xurídico-administrativo das súas intervencións.

Co desenvolvemento das cláusulas convidas chegarase a execución das obras necesarias para conseguir que o concello de Mos dispoña de espazos públicos acondicionados, en condicións axeitadas para a prestación do servizo público. Con iso conseguirase unha maior calidade de vida da poboación residente e da sociedade en xeral.

Por todo isto, ao considerar debidamente xustificada a necesidade das actuacións previstas, propónse a sinatura dun convenio de colaboración entre este Departamento e o concello de Mos e, a través do mesmo, dar cumprimento os fins propostos.

4.- MEMORIA ECONÓMICA

O convenio, implica a asunción dunha obriga económica para a Facenda autonómica de **trescentos oitenta e seis mil corenta e sete euros con quince céntimos (386.047,15 €)**, e coa seguinte estrutura de gasto:

Concepto	Importes en euros (con IVE)
Execucións de obra	338.164,25 €
H. de dirección de Obra	5.541,34 €
Honorarios de dirección de execucións de obra	5.541,34 €
Honorarios de coord. de Seguridade e Saúde	1.875,53 €
<u>Subtotal</u>	<u>351.122,46 €</u>
10% Previsión para cert. final obra (estimado)	33.816,43 €
10% Hon. Cert. Final (estimado)	554,13 €
10% Hon Dir. Exec. Obra (estimado)	554,13 €
<u>Subtotal para cert. Final (estimado)</u>	<u>34.924,69 €</u>
Total	386.047,15 €

En consecuencia, segundo o disposto na Disposición adicional segunda da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, require a autorización previa do Consello da Xunta de Galicia.

Santiago de Compostela.

Documento asinado dixitalmente por María Encarnación Rivas Díaz, secretaria xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

